

O ADAMANT

Nicolas Philibert, 2023

1238

ESTREA EN NUMAX: 09.02.2024 | V.O.S.E. | TP | 109 min

O Adamant é un centro único. Unha estrutura flotante ubicada no Sena no corazón de París, acolle adultos que padecen trastornos mentais, ofrecéndolles o tipo de atención que os ancora no tempo e o espazo e os axuda a se recuperar ou manter o ánimo. O equipo que o dirixe tenta resistir o mellor que pode ao deterioro e a dehumanización da psiquiatría.

«Se no documental é básico filmar desde a distancia xusta, Philibert conségueo cunha mirada democrática»

Sergi Sánchez, LA RAZÓN



Entrevista con Nicolas Philibert: «Quixen mostrar unha psiquiatría humana, digna e inventiva»

Como naceu este filme? Eu empecei a escoitar falar do Adamant hai polo menos quince anos, cando non era máis que un proxecto. Nesa época, a psicóloga clínica e psicanalista Linda de Zitter, con quen quedei moi unido desde a filmación en 1995 de *La moindre des choses* na clínica psiquiátrica La Borde, formaba parte da aventura que foi a súa creación: durante meses, pacientes e terapeutas reuníanse cun equipo de arquitectos para sentar as bases da mesma, e o que ao principio non era senón un soño utópico, terminou realizándose.

Tempo despois, hai seis ou sete anos, tiven a oportunidade de subir ao Adamant. O taller Rizoma convidárame a falar do meu traballo. Rizoma é un grupo de conversa que ten lugar os venres na biblioteca. Ese día pasei dúas horas fronte a un grupo que se tiña preparado para recibirme vendo algúns dos meus films e non pararon de provocar as miñas defensas. Desde os meus comezos no cinema tiven moitas ocasións de falar en público, pero esa vez volvíu particularmente revigorizado, marcado polas observacións de persoas que estaban alí. Hai tempo que tiña en mente facer un filme sobre psiquiatría para averiguar quen son, e ese reforzouseme o desexo.

Por que tantos anos despois de *La moindre des choses* quixo facer outro filme sobre a psiquiatría? Sempre estiven moi atento, moi ligado ao mundo da psiquiatría. Un mundo á vez molesto e estimulante, atrévome a dicilo así, no sentido en que nos fai constantemente pensar en nós mesmos, os nosos límites, os nosos puntos fracos. A psiquiatría é unha lupa, un espello deformante da nosa humanidade. Para un cineasta é un campo inesgotable. Ademais, en 25 anos, a situación da psiquiatría pública degradouse considerablemente: restricións orzamentarias, eliminación de camas, falta de persoal, falta de motivación dos equipos, locais vetustos, terapeutas esgotados polas tarefas administrativas, retorno ás salas de illamento e á contención. Esa decadencia foi sen dúbida unha motivación suplementaria. Nunca houbo idade de ouro, pero por todos lados escóitase que a psiquiatría está abandonada polos poderes públicos.

É daquela o Adamant unha excepción ao naufraxio da psiquiatría? O Adamant soubo seguir sendo un lugar vivo e atractivo, tanto para os pacientes como para os terapeutas, porque está continuamente en contacto co exterior, interésase por todo o que pasa, recibe toda clase de participantes –a nosa rodaxe é un exemplo–, pero tamén porque se esforza en facer un traballo sobre si mesmo, na pegada mesma da «psicoterapia institucional», esa corrente de pensamento un pouco salvaxe que prescribe que para curar –e para que o desexo quede vivo– hai que curar a institución, loitar contra todo o que a ameaza: a repetición, a xerarquía, o exceso de verticalidade, a inercia, a burocracia... E ademais, o lugar é moi lindo, iso conta moito: os espazos, os materiais, a proximidade da auga cando a maioría dos hospitais de día, sen chegar a ser sempre sinistros, conténtanse con ser «funcionais».

Elixindo un lugar que non é representativo non corre o risco non era dar unha imaxe moi parcial da psiquiatría? Que psiquiatría? A psiquiatría non existe. É plural e sempre por construírse. A que eu tiña ganas de mostrar é esta psiquiatría humana que resiste aínda ao que desfai a sociedade en todos lados, que trata de seguir inventiva e digna. O filme non está ao lado dos que denuncian. Fai explicitamente o inverso, enuncia. Como o escribiu Jean-Louis Comolli: «A verdadeira dimensión política do cinema é facer que uns recoñezan, entre a pantalla e a sala, a dignidade dos outros». O Adamant é un lugar atípico pero non é o único.